

OllOs

de aula

ANO 1 - Nº 2 – Novembro 2012



Revista para as familias do alumnado



A entrevista
co
profesorado

Reválidas: para
que poden
servir?

O Consello
Escolar



A pregunta

PARA QUE PODEN SERVIR AS REVÁLIDAS?



Responde: Lois Ferradás

[Decano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago]

- Estas reválidas servirán para seleccionar, para decidir quen poderá facer certos estudos e quen deberá repetir curso.
- Tamén servirán para comparar os resultados entre os distintos centros (sen ter en conta nin as circunstancias do contexto, nin os medios persoais e materiais dispoñibles).
- Con este conxunto de probas preténdese aguillar o esforzo dos estudantes e dos centros por acadar e reflectir mellores resultados sobre aspectos parciais da educación.
- Constitúen unha forma moi efectiva de control do currículo cara á súa maior homoxeneización e recentralización, que redundará nunha maior desprofesionalización da docencia; o profesorado perderá capacidade para tomar decisións sobre priorización de obxectivos, contidos e metodoloxía.
- Contaminarán elementos clave: desde o sentido da avaliación continua, pasando polo currículo -no que previsiblemente todo o que non se avalíe se verá desvalorizado- e no que as novas esixencias poden derivar na memorización e repetición de contidos por parte dos estudantes, deixando á marxe aspectos relacionados co traballo colaborador e coa creatividade, empobrecendo e acomodando as metodoloxías docentes a estas finalidades.
- É posible que estas probas as apliquen empresas privadas, pois o anteproxecto non establece o carácter público dos axentes externos que farán a valoración das probas.
- Servirán, finalmente, para que academias ou pasantías particulares que preparen para as reválidas fagan o seu negocio á conta das familias.



A entrevista co profesorado

Unha das mellores maneiras de axudar aos nosos fillos/as é mantendo contacto cos seus profesores/as. Neste mes son moitas as familias que teñen o primeiro encontro co titor/a; por iso nos pareceu oportuno ofrecer algunhas claves para mellorar a eficacia destas reunións.

1- É aconsellable unha **entrevista trimestral co titor/a**. En circunstancias normais é conveniente acudir ao centro unha vez por avaliación, non só para facer seguimento da evolución do neno/a e cooperar co profesorado, senón tamén para que o noso fillo/a sinta que centro e familia están coordinados.

2- **A entrevista debe desenvolverse no centro educativo e concertarse previamente**. En ocasións atopamos os profesores/as na rúa, no supermercado... e aproveitamos para preguntarlles como vai o noso fillo/a. Nin eses son os lugares axeitados, nin as entrevistas improvisadas son eficaces. A reunión hai que concertala previamente, para que o profesor/a poida preparala e para que, no caso dos titores/as, teñan tempo de falar co resto do profesorado e así recadar a información que nos van transmitir.

3- Hai que **ir dispostos a intercambiar información**.

Non é aconsellable ocultarlles información aos profesores/as. Negar os problemas ou non querer ver as dificultades vai impedir unha solución adecuada. Debemos facer, pois, unha análise realista sobre o noso fillo/a. Para iso é aconsellable falar con el/ela antes da reunión: ver como se atopa dentro do grupo, preguntarlle se ten dificultades..., pero tamén observar os seus hábitos de traballo, valorar o seu rendemento, reflexionar sobre as súas relacións sociais...



4- Debemos acudir **dispostos a asumir compromisos**. Hai persoas con tendencia a delegar a educación dos seus fillos/as nos outros. Ninguén é mellor ca outro na educación, todos somos necesarios, pero cada quen ten que asumir a súa función, e a dos pais/nais é a de ser pais/nais.

5- **A reunión non se debe centrar unicamente no académico**. Hai aspectos que son tan importantes como as notas e que moitas veces non son abordados nas reunións. É o caso da situación anímica do neno/a, a relación cos compañeiros/as ou co profesorado, a integración no centro...

6- Hai que **evitar culpabilizar os profesores/as** ou facerlles reproches. Aínda nos momentos de maior descontento, hai que centrarse en atopar puntos de colaboración entre o centro e a familia, iso vai ser sempre o mellor para o neno/a. Cando a entrevista sexa por algunha cuestión conflitiva, hai que asegurarse ben dos feitos e calmarse antes de acudir ao centro.

7- **Despois da reunión** fale co seu fillo/a. Transmítalle as cousas positivas e as dificultades das que falaron. Comuníquelle os acordos aos que chegou co titor/a ou co profesor/a e a data na que quedaron de volverse a ver para revisalos.

8- E recorde sempre: **a entrevista eficaz** é aquela na que se chega a acordos entre familia e profesor/a, se decide como se vai facer para conseguilos e se establece unha data para ver se o acordado se está cumprindo.



Palabras do ensino

Lines Salgado

{Consello escolar} A finais do mes de novembro celebráranse as eleccións para renovar os consellos

escolares dos centros. Pero, que é e para que vale un consello escolar?

Todos os membros da comunidade escolar (profesorado, pais e nais, alumnado, persoal de administración e servizos e representantes do concello) poden participar na xestión do centro ao que pertencen a través do Consello Escolar. É unha especie de mini-parlamento das escolas, ao que todos podemos levar propostas e suxestións a través dos nosos representantes. Por iso se di del que é un órgano colexiado, non unipersonal, xa que está integrado por un número variable de membros.

As atribucións que ten asignadas un consello escolar son moi diversas: establece as liñas xerais do proxecto educativo do centro; elixe o director/a e pode revogar o seu mandato; aproba o regulamento interno; sanciona as condutas graves do alumnado; aproba os orzamentos e analiza o funcionamento xeral do centro e os seus resultados académicos.

Realmente, nada se pode facer nun centro escolar sen contar coa aprobación do Consello Escolar. Por iso deberíamos aproveitalo e facer un uso real e dinámico del.



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para oír

A caza do ghazafello

Un CD que acompaña o libro deste título (da Editorial Xerais), que se pode escoitar cando o narrador nolo pide -a música forma parte da trama, facéndoa avanzar- ou en calquera outro momento (ideal para o coche), xa que os sete temas que forman o conxunto son amenos, prazenteiros e variados e teñen entidade independente. Así poderemos escoitar a Ugia Pedreira, Pulpiño Viascón, Cata Prado, Antón Reixa, Teruca, Xurxo Souto... Vaia, non son só os mellores voces do noso panorama musical, senón que ademais ten ritmo bailongo.



Para ler

Conto cinco sentidos

Os *Conto cinco sentidos* de José Campanari, con ilustracións de Simona Mulazzani, son cinco libriños da editorial OQO para os máis pequenos/as da familia, aqueles/as que agardan cada día oír un conto da boca dalgún dos seus maiores, algo tan sinxelo e necesario dende os primeiros días de vida. Cunhas ilustracións que falan por si soas, estes libros achegan unha ollada inocente dende a que o bebé descobre sensorial, emocional e afectivamente o mundo, acompañado en todo momento polos seus papás e os seus avós.



Para facer

Un paseo pola Coruña

Aproveitemos que A Coruña nos ofrece os mellores museos de Ciencias de Galicia, e dos mellores de España. Un día completo aprendendo e gozando no **Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía**, a **Casa das Ciencias**, o **Domus** e o **Acuario**. Descubrir o ceo con outros ollos, achegarse á actualidade científica, aprender máis sobre o noso corpo, mirar o océano como o Capitán Nemo, coñecer especies mariñas e mesmo saborear a riqueza da nosa costa, xunto coa observación de miles de obxectos científicos, encherán de ledicia e cultura os nosos ollos.



Da lingua

Mellor en equipo

No número anterior, nesta mesma páxina, dicíamos que, nos últimos anos, en Galicia o debate sobre o ensino non xirara ao redor do pedagóxico, senón do lingüístico, e explicabamos que a controversia foi tal que xerou unha especie de tornado que arrasou todos os acordos. No centro desa treboada foron situados, por veces, e sen que eles o pretendesen, os Equipos de Normalización Lingüística (hoxe chamados Equipos de Dinamización da Lingua Galega). O seu traballo foi posto en cuestión, e algunha xente incluso se atreveu a propoñer a súa desaparición.

O que desgraciadamente non se dicía nese debate é que detrás da vida cultural dos colexios e institutos está, en moitas ocasións, o traballo calado e constante dos equipos de normalización.

Detrás da edición de blogs, dos encontros con escritores/as, do samain, de centos de concursos,

das obras de teatro, da revista escolar ou desta mesma revista

que estás a ler agora, está o

esfuerzo xeneroso de moito profesorado, alumnado e

persoal dos centros. E é que os equipos veñen sendo, dende

a súa creación no curso 1990-

1991, moito máis ca un órgano

destinado á promoción da nosa

lingua. Grazas a eles en Galicia hai

moito tempo que se fai aprendizaxe

cooperativa (ás veces incluso sen ser conscientes

diso), que ciclos e/ou departamentos traballan de

maneira coordinada, que o alumnado ten ocasión de

desenvolver competencias activas... Por iso nestes

tempos de titulares e mensaxes simples hai que,

como tamén dicíamos no número anterior,

reflexionar sobre estas cousas e pensar cales

son os intereses que se agochan detrás destes

debates.

